

GALICIA LOGRA A CUARTA ESTRELA COMO REXIÓN DE REFERENCIA EUROPEA POLA ABORDAXE INTEGRAL DO ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE DA INICIATIVA EIP ON AHA

18 de Setembro de 2019

A Comisión Europea reconece a Galicia como *Reference Site* con catro estrelas, das catro posibles, no desenvolvemento e a adopción de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable no marco da iniciativa estratéxica *European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA)*.

Como resultado da terceira convocatoria de *Reference Sites 2019* no marco da iniciativa *EIP on AHA*, Galicia continúa como rexión de referencia pasando de ter tres estrelas a catro. Esta nova convocatoria realízase para a re acreditación dos *Reference Sites* da convocatoria anterior de 2016, e a incorporación de novas rexións ou organizacións locais.



O *EIP on AHA*, é unha iniciativa estratéxica cuxo obxectivo é aumentar a esperanza de vida saudable en dous anos para o 2020, ademais de mellorar a competitividade europea. Na súa primeira edición en 2013, Galicia foi recoñecida coma *Reference Site* con 2 estrelas e recibiu unha das cinco mencións de honra dadas pola Comisión para reflectir os logros conseguidos pola nosa historia clínica electrónica tanto en resultados como en integración. En concreto, os *Reference Site* distinguiron aquelas rexións ou organizacións locais que destacaban por ofrecer exemplos concretos de servizos innovadores con valor engadido para os cidadáns e os sistemas de referencia nas rexións da UE.

Nesta nova convocatoria, a Comisión Europea sinala que as rexións como Galicia, acreditadas como *Reference Sites* demostraron a súa evolución e a existencia de estratexias integrais para avanzar en innovación para un envellecemento activo e saudable, baseado nun modelo de “cuádrupla hélice” que inclúe á industria, a sociedade, a academia e as autoridades gobernamentais a nivel rexional e local. Ademais engade que o status como *Reference Site* concédese a aqueles que demostraron excelencia no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable, en liña cos obxectivos estratéxicos da cooperación do *EIP on AHA* e en particular coa *European Scaling up Strategy for Innovation in Active and Healthy Ageing*.

O premio outorgarase o próximo 25 de setembro en Aarhus, Dinamarca, no marco da *EIP on AHA Conference of partners* organizada conxuntamente por primeira vez co *AAL Forum 2019* sobre solucións dixitais para un estilo de vida activa e saudable.

